

## Declaración institucional con motivo do Día do cancro de mama

Segundo os datos do Rexistro Galego de Tumores, no ano 2021 en Galicia fixéronse 1.767 diagnósticos de cancro de mama en mulleres. O de mama foi o cancro máis detectado en Galicia entre as mulleres, supoñendo o 26% dos diagnósticos oncolóxicos entre elas.

Porén, estes mesmos datos certifican que o índice de supervivencia a 5 anos por este cancro no período 2015-2019 foi dun 90,9%, converténdoo nun dos tres tipos de tumores cuxo índice de supervivencia superou a cifra do 90% entre as mulleres.

Por todo iso, o Parlamento de Galicia, consciente da dimensión do problema de saúde que este tipo de cancro significa pero consciente tamén das súas posibilidades de solución, quere transmitir a todas as mulleres que sofren esta enfermidade todo o seu apoio e todo o seu ánimo de buscar, desde as institucións, todos os recursos para afrontar este problema desde o punto de vista sanitario e social.

Así, apostamos:

- pola promoción de estilos de vida e contornas saudables que reduzan os riscos de desenvolver este cancro ou da súa recorrencia;
- pola ampliación e extensión dos programas de cribado e a difusión e concienciación sobre o seu uso, dados os probados resultados clínicos do seu uso para a detección precoz e máis eficaz combate contra a enfermidade;
- por unha abordaxe clínica multidisciplinar e coordinada entre as distintas especialidades que abordan estes casos
- e por unha investigación sanitaria dotada de recursos suficientes pero tamén dunha perspectiva de xénero que dea visibilidade e notoriedade aos problemas de saúde da muller

Desde ese compromiso institucional para apoiar todas as iniciativas que supoñan un avance na curación desta enfermidade, o Parlamento de



Galicia quiere transmitir tamén o seu recoñecemento a todo o persoal sanitario e ás entidades sociais que traballan día a día pola erradicación do cancro de mama e por mellorar as condicións das persoas que o padecen.

Santiago de Compostela, 18-10-2023